

CIENCIAS SOCIAIS (25-29 MAYO)

A LONGA VIAXE DUN CARAMELO

Esta é a historia dun caramelo calquera.

Un día, un labrego recolleu unha hortaliza chamada remolacha azucreira e vendeuna a unha fábrica de azucre. Así comezou todo.

A remolacha viaxou nun gran camiión ata chegar á fábrica. Unha vez alí, o fabricante moeuna e moeuna ata que extraeu dela o azucre.

Pouco despois, o fabricante de azucre vendeu o azucre a unha fábrica de doces. O azucre chegou á nova fábrica nunha camioneta. Ali, o fabricante de doces mesturou o azucre con sabores obtidos de distintas froitas. Por fin naceron os caramelos!

Despois, o fabricante de doces meteu os caramelos nunha furgoneta e enviounos a unha tenda de lambetadas. Tras recibilos, o dependente da tenda colocounos nuns grandes botes de cristal, á vista de todos.

E alí está ese caramelo calquera, esperando que alguén o compre.

1.- Que traballadores interviñeron na fabricación e venda do caramelo?

.....

.....

.....

2.- Ademais dun labrego, que outros traballadores obteñen produtos da natureza?

.....

.....

3.- Arrodea de cor verde as materias primas e de cor azul os produtos elaborados .

REMOLACHA CAMELOS AZUCRE FROITAS

4.- Agora pensa ti noutro produto elaborado e na súa materia prima.

Debúxaos e escribe os seus nomes.